



CONCELLO DE O PINO

Identificación Fiscal P1506700B

Tel. 981 511 002 • Fax 981 511 123 • Rúa do Concello s/n • 15821 O PINO (A CORUÑA) • www.concellodeopino.com

MANUEL TABOADA VIGO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO
INFORMA

ABERTO O PRAZO PARA SOLICITAR AXUDAS URXENTES DE TIPO SOCIAL PARA EVITAR CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA ÁS PERSOAS MAIS VULNERABLES

BENEFICIARIOS

Persoas residentes en Galicia, cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13€/ano) e teñan facturas de electricidade ou gas natural pendentes de pagamento despois da data límite de pagamento, xa teñan ou non a subministración interrompida.

TIPO DE AXUDA E CUANTÍA

- Os gastos subvencionables serán o 100% do importe das facturas de electricidade ou gas natural (IVE incluído), correspondentes á vivenda habitual do solicitante, que estean pendente de pagamento e xa transcorrera a data límite de pagamento. Deberá facerse unha solicitude por cada factura, cun límite de 2 facturas/ano por solicitante e importe máximo de 200€/ano por solicitante.

REQUISITOS

- Ser residentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 €/ano). A estes efectos, considérase unidade de convivencia o conxunto de todas as persoas que viven no mesmo domicilio. A renda da unidade de convivencia obterase por agregación das rendas do exercicio fiscal 2015 de cada un dos membros que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF.
- Ser o titular do contrato de subministración eléctrica. (Ás persoas en aluguer asístelles o dereito a solicitaren ser titulares das subministracións da vivenda alugada).
- Ter unha factura de electricidade ou gas natural pendente de pagamento e que xa transcorrese a data límite de pagamento especificada na factura.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde o enlace: <https://axudascortes-subministracion.xunta.gal>. Poderán solicitar a información dirixíndose aos Servizos Sociais do Concello antes do remate de prazo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Desde a publicación do extracto no BOE até o 15 de decembro de 2017.

O Pino, 16 de xaneiro de 2017

O Alcalde

